

25n
2 0 2 5

**Día internacional da eliminación
das violencias contra as mulleres**



Propostas didácticas

PARA TRABALLAR NAS AULAS
DE **INFANTIL** O 25N

(CO)educando á par que (DE)construíndo



Edita: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) e CIG-Ensino.

Autora: Tania Nóvoa Paz

Permítese a reprodución parcial ou total dos contidos desta publicación sempre e cando se realice sen ánimo de lucro e se cite a súa procedencia e autoría.

Imaxes cuberta: Freepik.com

Xustificación

Despois de que un 25 de novembro de 1960 asasinasen en República Dominicana ás irmás Mirabal, coloquialmente coñecidas como *As tres bolboretas*, Abya Yala experimentou un tremor que a partiu en tres. As súas mesmas entrañas pedían a berros o retorno das fillas Patria, Minerva e María Teresa, pero, moi no fondo, sabían que rematarían por converterse en eco. Un eco o suficientemente claro e sonoro que incidise na declaración oficial desta data como o «Día Internacional da Eliminación da Violencia de Xénero».

A pesar dos avances conseguidos nas últimas décadas na loita contra a violencia machista, a situación actual en Galiza esixe que desde o ámbito educativo manteñamos e reforcemos o noso compromiso co traballo en igualdade. Os datos son desalentadores: a taxa de violencia de xénero na nosa comunidade autónoma aumentou case un 10% respecto a de 2024, e os xulgados de violencia contra as mulleres reciben de media 21 denuncias, case unha por cada hora.

Porén, fronte a esta realidade, asistimos a un retroceso nas políticas públicas en materia de igualdade. A supresión da Secretaría Xeral de Igualdade, reducida a unha dirección xeral, e un descenso nos orzamentos da Xunta dirixidos á loita contra a violencia de xénero do 6,4% respecto a 2025 amosan como as institucións públicas están a recuar no seu compromiso con esta prioridade social. Esta situación constitúe o que se denomina violencia institucional: a permisividade ante condutas machistas, o desmantelamento destas políticas e a precarización dos recursos de atención ás vítimas.

(Co)educando á par que (de)construíndo para previr a violencia

É por este motivo que desde o ámbito educativo temos unha responsabilidade acrecentada. Cando as institucións recortan en igualdade e normalizan a violencia, a escola debe ser un espazo seguro de resistencia, prevención e transformación social. A coeducación preséntase como unha estratexia fundamental para a prevención da violencia machista desde a raíz.

Entendemos a coeducación non como a mera presenza dos rapaces e das rapazas nas mesmas aulas, senón como un modelo educativo que cuestiona e transforma os estereotipos de xénero, que visibiliza e valora por igual as achegas de homes e mulleres á sociedade, e que educa en relacións afectivas igualitarias e baseadas no respecto. A coeducación implica revisar o currículo oculto, os materiais didácticos,

a linguaxe, o uso dos espazos, as expectativas diferenciadas sobre o alumnado e os modelos de feminidade e masculinidade que se transmiten na escola.

Traballar desde a coeducación significa educar persoas libres, críticas e conscientes das desigualdades estruturais que perpetúan a violencia machista. Só desde unha educación que desafíe os roles tradicionais de xénero e que promova a igualdade real poderemos previr que as futuras xeracións reproduzan as violencias que hoxe denunciamos.

Precísase, tal e como reclamamos desde movementos de renovación pedagóxica e organizacións sindicais feministas como a AS-PG e a CIG-Ensino, un plan galego pola igualdade que sexa transversal, dotado de recursos e que chegue a todas as áreas da vida pública, incluíndo de forma prioritaria o sistema educativo.

Metodoloxía

Estas Unidades Didácticas, dirixidas ás aulas de Infantil, Primaria, Educación Secundaria e FP, tomarán como punto de partida a reflexión crítica sobre a construción de roles de xénero e como estes inflúen nas relacións persoais, a autoestima e o desenvolvemento da violencia machista.

A metodoloxía empregada será principalmente vivencial e participativa, buscando que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe a través de dinámicas que favorezan:

- **A reflexión persoal:** sobre as súas propias experiencias e percepcións de xénero.
- **O diálogo grupal:** para contrastar visións e construír coñecemento colectivo.
- **A empatía:** poñéndose no lugar doutras persoas e recoñecendo diversas realidades.
- **A acción transformadora:** non só comprender, senón comprometerse co cambio.

As actividades están deseñadas desde unha óptica flexible e adaptable, centrada na educación emocional, o desenvolvemento da autonomía persoal e o recoñecemento do bo trato como base das relacións saudables. Traballarase desde o enfoque da coeducación, entendendo que todos os xéneros poden e deben participar na construción dunha sociedade máis igualitaria.

Obxectivos xerais

- Identificar os roles e estereotipos de xénero aprendidos durante o ciclo vital e analizar criticamente o seu impacto nas relacións persoais.
- Recoñecer as diferentes formas de violencia machista, desde as máis sutís (micromachismos) ata as máis evidentes.
- Promover o desenvolvemento da autonomía persoal e o autocoñecemento como ferramentas de prevención da violencia.
- Fomentar relacións baseadas no bo trato, o respecto mutuo, a igualdade e o recoñecemento da diversidade.
- Desenvolver habilidades de comunicación asertiva e resolución pacífica de conflitos.

- Visibilizar modelos de masculinidades e feminidades alternativas, afastadas dos estereotipos tradicionais.
- Promover o apoio mutuo e a responsabilidade colectiva na prevención e detección de situacións de violencia.

Actividades

ACTIVIDADE 1. Intensamente: descubriendo o noso mundo emocional

Duración

1-2 sesións (90-120 minutos)

Obxectivo

Recoñecer, comprender e nomear as emocións básicas, como tamén aprender a expresalas de forma saudable.

Descrición

Proxectarase a película *Do Revés* (Inside Out) adaptando a visualización ás características do alumnado de infantil. Poderase ver completa ou traballar con secuencias concretas que mostren as diferentes emocións: alegría, tristeza, medo, rabia e desagrado.



FONTE: Elaboración propia.

Desenvolvemento

Despois disto, realizarase unha asemblea na que se comentarán as seguintes cuestións adaptadas á linguaxe infantil:

- Que emocións vimos na película?
- Cando vos sentides contentas/contentos? E tristes? E enfadadas/enfadados?
- Está ben sentir todas as emocións? Por que?
- Que podemos facer cando nos sentimos mal?
- Como podemos axudar a unha compañeira ou compañeiro que está triste ou con rabia?

Material complementario

Crear un «panel das emocións» coas cinco principais da película. Cada día, ao chegar á aula, as crianzas poderán sinalar como se senten colocando a súa foto ou nome baixo a emoción correspondente.

ACTIVIDADE 2. A árbore do noso xardín

Duración:

1 sesión (45-60 minutos)

Obxectivo

Fomentar o sentido de pertenza ao grupo, recoñecer a importancia de cada persoa e traballar a autoestima positiva.

Descrición

Crearase unha árbore mural no que cada crianza será representada por unha flor ou folla coa súa foto e nome. O obxectivo é visualizar que todas as persoas da clase forman parte dun mesmo grupo e que todas son igual de importantes.

Desenvolvemento

1. Preparar un tronco de árbore grande en papel continuo e pegalo na parede da aula.
2. Cada discente decorará a súa propia flor ou folla (con pintura, gomets, collage, etc.) e pegará a súa foto no centro.



FONTE: Elaboración propia.

3. Durante a asemblea, cada crianza presentará a súa flor e dirá algo que lle gusta facer ou que se lle dá ben.
4. Colócase cada flor na árbore mentres se reflexiona: “Esta é a árbore da nosa clase. Todas as flores son bonitas e necesarias. Sen ningunha de vós, a nosa árbore estaría incompleta”.

Variante: Ao longo do curso, pódense engadir “froitos” á árbore con accións positivas que o alumnado vaia realizando: axudar a alguén, compartir o material, consolar a outra persoa, etc.

ACTIVIDADE 3. Ler e aprender con lentes lilas

Duración:

Varias sesións (30-40 minutos cada unha).

Obxectivo

Traballar as emocións e o bo trato a través da literatura infantil, desenvolver a empatía e identificar comportamentos respectuosos.



FONTE: Elaboración propia.

Descrición

Lectura e traballo de contos infantís que aborden as emocións e o bo trato desde unha perspectiva de igualdade e prevención da violencia.

Contos suxeridos

- *O monstro de cores* de Anna Llenas
- *Orelas de bolboreta* de Luisa Aguilar
- *Arturo e Clementina* de Adela Turín

- *Rosa Caramelo* de Adela Turín
- *A que sabe a lúa?* de Michael Grejniec
- *Por catro recantiños* de Jérôme Ruillier

Desenvolvemento

Despois da lectura de cada conto, traballarase na asemblea:

- Que lle pasaba á persoa protagonista?
- Como se sentía?
- Estaba ben o que lle fixeron?
- Que poderíamos ter feito nós?
- Todas as persoas somos iguais de importantes?

Actividade plástica

As crianzas farán un debuxo sobre o conto ou dramatizarán algunha escena, cambiando o final se fose necesario para que sexa máis xusto.

ACTIVIDADE 4. Eu son sol e ás veces tamén (xira)sol

Duración

1 sesión (30-40 minutos)

Obxectivo

Promover o recoñecemento positivo entre o alumnado, traballar a autoestima e o valor de cada persoa do grupo.

Descrición

Actividade en círculo na que cada discente se converte nun «sol» que brilla e ilumina ao resto coas súas palabras amables.

Desenvolvemento

1. O alumnado colócase en círculo sentado no chan.
2. Unha crianza (ou o persoal docente ao principio) comeza sendo o “sol” e colócase no centro da roda cunha coroa de sol ou un elemento distintivo.

3. O “sol” di algo bonito, positivo ou que lle gusta dunha compañeira ou compañeiro: “Gústame xogar contigo”, “Es moi boa compañeira”, “Sempre me axudas”, etc.
4. A persoa sinalada pasa a ser o novo “sol” e repítese o proceso.
5. O obxectivo é que todas as crianzas pasen polo centro e reciban e dean palabras amables.

Reflexión final

- Como vos sentistes cando vos dixeron algo bonito?
- É importante dicir cousas amables ao resto?
- Todas as persoas brillamos e somos importantes?

Material

Crear coroas de sol ou estrelas que se poidan reutilizar. Tamén se pode acompañar a actividade cunha canción sobre o sol ou a amizade.

ACTIVIDADE 5. Tratámonos ben

Duración

1 sesión (40-50 minutos)

Obxectivo

Identificar comportamentos de bo e mal trato, aprender a actuar de forma respectuosa e desenvolver habilidades de resolución pacífica de conflitos.


Descrición

Xogo por parellas ou pequenos grupos para practicar comportamentos de bo trato e identificar situacións de mal trato adaptadas á idade infantil.

Material

Tarxetas con debuxos que representen situacións cotiás na aula:

- **Bo trato:** Compartir xoguetes, axudar a alguén que caeu, consolar a alguén que chora, convidar a xogar, pedir as cousas por favor, dar as grazas.



- **Mal trato:** Pegar, empurrar, quitar xoguetes sen pedir, burlarse, deixar a alguén só, berrar.

Desenvolvemento

1. Móstranse as tarxetas unha por unha.
2. O alumnado debe identificar se é unha situación de bo trato (poden levantar unha tarxeta verde ou poñerse de pé) ou mal trato (tarxeta vermella ou sentarse).
3. Comentar cada situación: está ben? Que deberíamos facer?
4. Dramatizar as situacións de mal trato transformándoas en bo trato.
5. **Variante:** Crear un «mural do bo trato» onde se vaian colocando debuxos ou fotos de accións positivas que se vexan na aula.

Bibliografía

- ACNUR. (2013). *Respiramos Inclusión en espacios educativos*. Ecuador.
- Altable, C. (1991). *Penélope o las trampas del amor*. Mare Nostrum.
- Bosch, E., Ferrer, V. A., & Alzamora, A. (2006). *El laberinto patriarcal: reflexiones teórico-prácticas sobre la violencia contra las mujeres*. Anthropos.
- CIG-Ensino. (2025, 17 de novembro). A CIG centra a campaña do 25N na denuncia contra a violencia institucional. <https://www.cig-ensino.gal/nova/a-cig-centra-a-campana-do-25n-na-denuncia-contra-a-violencia-institucional.html>
- Lagarde, M. (2005). *Los cautiverios de las mujeres: madresposas, monjas, putas, presas y locas*. UNAM.
- Pedagogía de emergencia sin fronteras. (2023). *Cómo acompañar a niños, adolescentes y jóvenes víctimas de conflictos bélicos. La pedagogía que ayuda a superar el trauma en sus primeras fases*. España.
- Pixar Animation Studios. (2015). *Intensamente* [Inside Out] [Película].
- Siede, I. A. (2006). *Iguals y diferentes en la vida y en la escuela*. En P. Martinis & P. Redondo (Comps.), *Igualdad y educación: Escrituras entre dos orillas* (pp. [páginas]). Del Estante Editorial.
- Qué es el urbanismo feminista [Vídeo]. (s.f.). YouTube. <https://www.youtube.com/watch?v=dl4TOCPMMbA>

Maleta de recomendacións

Literatura infantil (Educación Infantil e Primaria)

Sobre emocións e bo trato:

- Aguilar, L. (2008). *Oreallas de bolboreta*. Kalandraka.
- Grejniec, M. (1999). *A que sabe a lúa?* Kalandraka.
- Lado, M. e Seoane, M. *A pita xefa*. Bahía Ed.

Llenas, A. (2012). *O monstro de cores*. Flamboyant.

Ruillier, J. (2004). *Por cuatro esquinitas de nada*. Juventud.

Sobre igualdade e roles de xénero:

Cid, C. e Álvarez, S. (2020). *O misterio do sorriso de Lucas*. Triqueta verde.

Gaudes, B. e Macías, P. (2015). *Érase dos veces la bella y la bestia*. Cuatro tuer-
cas.

Hematocrítico. (2016). *Feliz feroz / O lobiño riquiño*. Xerais.

Quintela, A. (2021). *Na busca de Antón*. Alvarelllos.

Turín, A. (1976). *Rosa Caramelo*. Kalandraka.

Turín, A. (1978). *Arturo e Clementina*. Kalandraka.

Hematocrítico. (2016). *Feliz feroz / O lobiño riquiño*. Xerais.

